



nota de prensa

Veciñanza lamenta que o Concello de Cuntis perdera a subvención dun millón de euros para o inicio das obras do Polígono da Ran

O proxecto que o Goberno Municipal presentou á convocatoria da Deputación nin tan sequera foi admitido para a súa valoración por incumprimento das bases primeira e terceira. Estamos ante unha irresponsabilidade moi seria por parte do Alcalde de Cuntis, que prometera un investimento dun millón de euros.

Cuntis, 2 de decembro de 2017. No mes de setembro a Corporación Municipal de Cuntis aprobaba o proxecto denominado 'Humanización do viario do Polígono Industrial da Ran e viveiro de empresas en Meira', que activaba os trámites cara a regularización definitiva do Polígono da Ran e que consistía nunha subvención da deputación de Pontevedra por valor de case un millón de euros. Foi anunciado por todo o alto de parte do Goberno Municipal. Semanas antes, e mediante a presentación dunha moción, Veciñanza reclamaba a implicación económica do ente provincial no desenvolvemento industrial do parque empresarial cunticense, e dábase por feito que o acceso a esta subvención cumpría as expectativas.

Hai escasas semanas tiñamos coñecemento de que o proxecto que o Concello de Cuntis presentaba para optar ás subvencións da Deputación de Pontevedra, no marco do Plan de Reequilibrio Territorial, **FOI EXCLUÍDO e o proxecto prometido para a activación do Polígono da Ran queda polo momento sen o financiamento previsto.**

No seu informe do 9 de novembro deste ano, a Xefa de Servizo de Cooperación Municipal e mailo Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra explican, nas resolucións destas subvencións os motivos polos que Cuntis nin tan sequera foi admitido para o proceso de valoración por incumprimento das bases 1 e 3 da convocatoria. Textualmente, o informe di o seguinte: "Segundo as bases reguladoras o obxecto da convocatoria son actuacións singulares en equipamentos socioculturais, administrativos, deportivos, de ocio e lecer, ou en espazos libres ou de ocio locais, de uso para toda a cidadanía. O proxecto achegado describe distintas actuacións en varios espazos, polo que se incumpre o requisito dunha única actuación singular (Base 1ª)".

Dá a impresión de que **o Goberno Municipal de Cuntis nin tan sequera leu as bases da convocatoria**, porque comezou incumprindo a primeira delas. **Fixo unha promesa irreal e agora Cuntis perdeu tanto a oportunidade de iniciar o proxecto da Ran como de obter investimento para outras propostas que puideran encaixar na convocatoria.** A conclusión non pode ser outra máis que a de que temos un goberno ineficiente, incapaz de cumprir coas responsabilidades máis básicas e co principio de prudencia á hora de prometer investimentos que debe rexer sempre o exercicio da política.





veciñanza

nota de prensa

Veciñanza lamenta que o Concello de Cuntis non aproveitara esta ocasión para darlle un verdadeiro impulso á regularización do polígono da Ran. Con todo, mantén o seu firme compromiso para colaborar en todo o necesario para avanzar neste sentido e mantén, agora máis que nunca, a **esixencia á Deputación de Pontevedra para que se implique economicamente no desenvolvemento industrial de Cuntis, tal e como ten feito noutros municipios da contorna.** Esta mesma esixencia vena trasladando o Deputado da Coalición Son Xosé Lois Jácome. Cómpre trasladarlle á Deputación de Pontevedra que non hai mellor reequilibrio que os investimentos que xeran emprego en municipios que presentan as condicións socioeconómicas e poboacionais que ten Cuntis.

